

COMISIÓN INFORMATIVA ESPECIAL DE CONTAS E DE FACENDA E ECONOMÍA

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **22 de xullo de 2020**

No salón de sesións do Pazo Provincial, ás 17.30 horas do día 22 de xullo de 2020, reúnese a comisión informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. José Miguel Caride Domínguez, **deputado de Democracia Ourensana**

Deputados/as do Grupo Popular:

D. Rosendo Luís Fernández Fernández

D. Plácido Álvarez Dobaño

D.^a Ana María Villarino Pardo

D.^a Consuelo Vispo Seara

D. Miguel Antonio Cid Álvarez

Deputados/as do Grupo Socialista:

D. Aurentino Alonso Araújo

D.^a Elvira Lama Fernández

D.^a Rosario Rodríguez Delgado

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía: D.^a Montserrat Lama Nóvoa

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes

Interventor: D. José Mosquera Casero

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 17 DE XUÑO DE 2020.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 17 de xuño de 2020.

Non se producen intervencións e por unanimidade a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía do día 17 de xuño de 2020, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- DACIÓN DE CONTA DE ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO DE FIXACIÓN DE PREZOS PÚBLICOS.-

Dáse conta dos seguintes acordos da Xunta de Goberno:

- Acordo do 8 de maio de 2020, de modificación dos prezos públicos fixados pola prestación de servizos e realización de actividades no Pazo dos Deportes Paco Paz.
- Acordo do 15 de xuño de 2020 de fixación de prezos públicos de dúas publicacións dentro do Plan de publicacións do exercicio 2020.
- Acordo do 6 de xullo de 2020 de fixación de prezos públicos campamentos verán 2020.

A comisión queda informada.

3º.- INFORME DA CONTA XERAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE, DO INSTITUTO OURENSÁN DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO, DO CONSORCIO PROVINCIAL DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO E DO CONSORCIO DE AUGAS DE VALDEORRAS CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO 2019.

O Sr. interventor expón detalladamente o contido da proposta.

Non se producen intervencións e co voto favorable do Grupo Popular e de Democracia Ourensana, e a abstención do Grupo Socialista, do BNG e de Ciudadanos, a comisión adopta o seguinte acordo:

1º.- Emitir informe favorable á Conta Xeral do exercicio 2019, de acordo co establecido no artigo 212.2 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, co seguinte detalle:

Primeiro.- Conta Xeral da Deputación Provincial de Ourense do exercicio 2019, da que se obteñen os seguintes datos:

- Resultado orzamentario axustado: 23.422.141,22 €
- Remanente de tesourería para gastos xerais: 37.748.208,73 €
- Balance de situación: 2.502.267.179,14 €
- Resultado económico patrimonial: - 40.862.982,52 €

Segundo.- Conta Xeral do Instituto Ourense de Desenvolvemento Económico do exercicio 2019, da que se obteñen os seguintes datos:

- Resultado orzamentario axustado: 322.475,80 €
- Remanente de tesourería para gastos xerais: 363.537,74 €
- Balance de situación: 17.675.022,65 €
- Resultado económico patrimonial: 270.660,50 €

Terceiro.- Conta Xeral do Consorcio provincial para o servizo contra incendios e salvamento do exercicio 2019, da que se obteñen os seguintes datos:

- Resultado orzamentario axustado: 700.832,67 €
- Remanente de tesourería para gastos xerais: 1.537.062,89 €
- Balance de situación: 9.346.592,14 €
- Resultado económico patrimonial:- 19.493,15 €

Cuarto.- Conta Xeral do Consorcio de augas de Valdeorras do exercicio 2019, da que se obteñen os seguintes datos:

- Resultado orzamentario axustado: - 33.421,12 €
- Remanente de tesourería para gastos xerais: - 506.497,45 €
- Balance de situación: 1.338.335,01 €
- Resultado económico patrimonial: -283.557,66 €

2.- Expoñerlle ao público a Conta Xeral indicada, co ditame da Comisión Especial de Contas, por prazo de quince (15) días, mediante anuncio no BOP e na sede electrónica, durante os cales, e oito (8) máis, os interesados poderán presentar reclamacións, reparos ou observacións. Se se presentan serán examinados pola Comisión Especial de Contas, que practicará cantas comprobacións estime necesarias, e emitirá novo informe.

A conta xeral, acompañada dos informes e das reclamacións ou reparos formulados, someterase ao pleno da corporación para a súa aprobación, se procedese.

En caso de que non se formulen, someterase ao Pleno da Corporación a aprobación da Conta Xeral sen necesidade de novo informe.

4º.- DELEGACIÓN NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DO EXERCICIO DAS COMPETENCIAS DE XESTIÓN, LIQUIDACIÓN E RECADACIÓN EN

VOLUNTARIA E EXECUTIVA DA TAXA POLO ABASTECIMENTO DE AUGA DO CONCELLO DE RAIRIZ DE VEIGA

O Sr. secretario expón o contido da proposta.

D.^a Montserrat Lama Nóvoa, portavoz de Ciudadanos, indica que evidentemente vai votar a favor, xa que deber ser cada concello o que decida como exercer as súas competencias, ben directamente ou ben coa súa delegación.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular, de Democracia Ourensana e de Ciudadanos, e a abstención do Grupo Socialista e do BNG, a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

Aceptar a delegación de competencias efectuada polo Concello de Rairiz de Veiga a favor da Deputación Provincial, mediante acordo plenario de data 9 de xuño de 2020, para a xestión tributaria, liquidación e recadación voluntaria e executiva, así como a revisión dos actos ditados da taxa polo abastecemento de auga domiciliaria e o canon da auga nas condicións recollidas no acordo de delegación do Concello de Rairiz de Veiga, sendo en todo caso de aplicación as seguintes condicións xerais:

- a) O contido da delegación abranguerá o exercicio de todas as facultades necesarias para a realización da xestión tributaria, liquidación e recadación voluntaria e executiva, ditando todos os actos administrativos necesarios para a xestión dos ditos procedementos, incluída a emisión da providencia de constrinximento e resolución dos recursos administrativos contra os actos de recadación executiva.
- b) Para o exercicio da competencia delegada o concello debería remitir as oportunas certificacións de descuberto do tributo ao que se refire.
- c) A taxa para satisfacer polo concello pola prestación do servizo de recadación en voluntaria será a resultante de aplicarlles ás cantidades efectivamente recadadas de padróns, liquidacións, altas e outros ingresos non periódicos o tipo de gravame único do 5% e a taxa pola prestación do servizo de recadación en período executivo será o 100% da recarga de constrinximento que debe pagar o debedor tributario, conforme co establecido no artigo 6, apartados a) e b) da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación dos servizos de xestión, inspección e recadación da Deputación Provincial de Ourense. A Deputación deducirá da transferencia do importe recadado a cantidade correspondente á taxa liquidada, sen prexuízo da notificación da dita liquidación na forma prevista no artigo 9 da Ordenanza fiscal.

d) A presente delegación estará vixente a partir do día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia durante un prazo de catro anos, prorrogándose tacitamente por períodos de 4 anos se ningunha das partes mostra expresamente a súa vontade en contra, comunicándollo á outra cunha antelación non inferior a 6 meses á data sinalada ou á de calquera dos períodos de prórroga.

5º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE A CREACIÓN DUN FONDO EXTRAORDINARIO DE AXUDA AOS AUTÓNOMOS, AUTÓNOMAS E PEQUENAS EMPRESAS DE OURENSE AFECTADAS POLA PANDEMIA DA COVID-19

D.^a Rosario Rodríguez Delgado, do Grupo Socialista, dá conta do contido da moción.

D.^a Montserrat Lama Nóvoa, portavoz de Ciudadanos, pregunta, xa que non atopa ningunha referencia na proposta, como se vai financiar todo o gasto que implica a moción, botando de menos que non haxa nin unha soa referencia no texto da moción á posibilidade de utilizar o remanente de tesourería.

D. Bernardo Varela López, portavoz do BNG, entende que o primeiro paso para todo este tipo de propostas debe ser que se lles permita ás deputacións e demais entidades locais utilizar os remanentes de tesourería, facendo especial fincapé en que a Deputación debe trasladar eses fondos para que os concellos poidan facer as súas políticas municipais, sobre todo políticas activas que vaian máis alá de axudas puntuais e que sexan o caldo de cultivo para a xeración de riqueza e servizos nos respectivos concellos.

O Grupo Popular e Democracia Ourensana anuncia que reservan o voto para o Pleno.

D.^a Rosario Rodríguez Delgado, do Grupo Socialista, indica que todas as propostas de gasto da moción aparecen perfectamente detalladas e que deben ser os técnicos da Deputación os que indiquen, a través dunha modificación de orzamentaria, como se poden dotar eses créditos.

D.^a Montserrat Lama Nóvoa, portavoz de Ciudadanos, indica que sería conveniente que desde a Intervención provincial se informase se nas condicións actuais é posible facer unha modificación de créditos polo importe da moción.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Socialista e a abstención do Grupo Popular, de Democracia Ourensana, do BNG e de Ciudadanos, a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- Instar á Deputación Provincial de Ourense á constitución dun fondo extraordinario de axuda aos autónomos, autónomas e pequenas empresas da provincia, co fin de prorrogar e mellorar as subvencións percibidas polos afectados e afectadas da pandemia da COVID-19.

2º.- Dotar este fondo extraordinario de axuda aos autónomos, autónomas e pequenas empresas da provincia de Ourense con 16 millóns de euros, co fin de que os afectados e afectadas pola pandemia da COVID-19 poidan mellorar a súa situación económica, incrementado considerablemente as subvencións percibidas, para restablecer progresivamente o funcionamento normal da actividade económica.

6º.- MOCIÓN DE URXENCIA.-

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, explica os motivos da urxencia da moción que se presenta.

Por unanimidade, a comisión acepta a urxencia da seguinte moción:

6ºA.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR E DO PARA INSTAR AO GOBERNO DE ESPAÑA A NON APROPIARSE DOS RECURSOS DAS ENTIDADES LOCAIS.-

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, expón o contido da moción.

D.^a Montserrat Lama Nóvoa, portavoz de Ciudadanos, indica que non puido ata hoxe acceder ao contido da moción, polo que, aínda que en principio parece que está conforme coas peticións, reserva o seu voto para o Pleno.

D. Bernardo Varela López, portavoz do BNG, manifesta tamén que, en principio, está de acordo coas propostas, que na Deputación xa se trataron dúas mocións similares e que non se trata máis que de profundar na autonomía das entidades locais.

D.^a Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, manifesta en primeiro lugar que na moción sempre se fala dunha hipótese e dunhas supostas restricións que podería impoñer o

Estado e das que a día de hoxe non existe ningunha confirmación oficial. Manifesta que a ela tamén lle agradaría que as entidades locais poidan utilizar o 100% dos seus remanentes, se ben lembra que a día de hoxe existen unha serie de limitacións legais como son o cumprimento da estabilidade orzamentaria e a regra de gasto.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, indica que debe haber un pronunciamento claro das entidades locais de que os recursos dos remanentes son só das entidades locais que os xeraron e que lles corresponden aos seus veciños.

D. Bernardo Varela López, portavoz do BNG, manifesta que ás veces lle xeran dúbidas sobre se a FEMP representa ou non a todos os concellos, especialmente aos medianos e pequenos. Por último engade que na súa opinión debería incluírse un apartado sétimo na moción, relativo a que o importe dos remanentes da Deputación debера dedicarse total ou parcialmente á cooperación cos concellos e con criterios de reparto obxectivos.

D.^a Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, insiste en que a día de hoxe non hai máis información que a que publica a prensa e respecto á actuación da FEMP, sinala que non ten ningunha dúbida de que tanto esta asociación como a FEGAMP, defenden os intereses das entidades locais, pero outra cousa é que os respectivos gobernos de Madrid e Santiago lles fagan caso.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular e de Democracia Ourensana, e a abstención do Grupo Socialista, do BNG e de Ciudadanos, a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

Manifestar:

1. O compromiso da Deputación de Ourense coa Lei de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira como ferramenta que garante o correcto funcionamento das finanzas locais que lles permitiu a moitos concellos de España xerar os aforros que agora reclama o goberno central.
2. O profundo rexeitamento desta Deputación a calquera medida tendente a apropiarse dos aforros acumulados polos veciños dos concellos e provincias, tanto de forma directa como vía subscripción de préstamos das EELL ao Estado para devolver a longo prazo.

Instar o goberno de España a:

3. Respetar e garantir a autonomía que a Constitución Española e as leis les outorgan ás entidades locais para a xestión dos seus recursos, para a xestión do diñeiro público que é de todos e cada un dos españois, non dun goberno en concreto.

4. Atender as demandas das EELL, especialmente a referida á flexibilización da Regra de Gasto e resto de regras contidas na Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (LOEPSF) para que poidan dispoñer do 100% os seus remanentes de tesourería para a loita contra os negativos efectos do COVID-19.
5. Que se pretenden modificar algunha das leis que afectan á autonomía, facenda ou estabilidade financeira das entidades locais, valide as ditas modificacións no Congreso dos Deputados ou ante os órganos de goberno da FEMP, lexítimos representantes das EELL e dos españois.
6. Que o Ministerio de Facenda cumpra coa totalidade do acordo consensuado por todas as forzas políticas, incluído o Partido Socialista, no seo da Federación Española de Municipios e Provincias.

Darlles traslado deste acordo ao presidente do Goberno, á ministra de Facenda, á ministra de Política Territorial e Función Pública, aos portavoces de grupos políticos do Congreso, Senado e das Cortes e á Xunta de Goberno da FEMP.

7º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se producen.

E, ás 18.00 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.